



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

BASES PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA (1) PSICÓLOGO/A.

Deputación de A Coruña- Programa financiamento servizos sociais comunitarios municipais ano 2022.

1ª.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases a aprobación da convocatoria e a regulación do proceso selectivo, mediante o procedemento de concurso de méritos de 1 praza de PSICÓLOGO/A.- Programa financiamento servizos sociais comunitarios municipais ano 2022.

As tarefas e cometidos que corresponden á praza, son os seguintes:

- As propias da súa disciplina nos Servizos Sociais Comunitarios, que se vinculan, sobre todo, ó traballo con familias en risco de exclusión, os menores e adolescentes e a condución e dinamización de grupos e formación de pais e nais.

As intervencións abordan áreas de necesidade muy diversas: desaxustes convivenciais, desprotección infantil e adolescente, violencia de xénero e doméstica, trato inadecuado ou maltrato a persoas maiores ou dependentes, desaxustes psicoafectivos, carencia de recursos persoais e dificultades de adaptación a novas situacións ou etapas do ciclo vital.

- Tamén se destinará unha parte da xornada laboral á coordinación coa Traballadora Social para a xestión do programa de axuda a domicilio, avaliación dos factores psicosociais e elaboración do proxecto individual de atención.

2ª.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

1. Para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

d) Estar en posesión do certificado Celga 4 ou perfeccionamento en lingua galega.

e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

f) Ter Grao ou Licenciatura en Psicoloxía.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

3ª.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.

En aplicación do Real Decreto-Lei 32-2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado laboral, o contrato será de duración determinada por circunstancias da produción a media xornada, por un período de 6 meses; en todo caso a data final non poderá superar o 31 de decembro.

O horario será o establecido pola responsable do servizo, coa autorización do alcalde-presidente.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

4ª.- RETRIBUCIÓN.

As retribucións estipuladas para este posto, son de 814,65 euros/mes, brutos (incluído todos os conceptos salariais e pagas extraordinarias).

5ª.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS CANDIDATAS.

O sistema de selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso.

O Tribunal cualificará, unha vez acreditados documentalmente, os seguintes méritos:

1. Experiencia profesional: puntuación máxima 6 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública no mesmo posto de traballo ou análogo: 0,20 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados fora da administración pública no mesmo posto de traballo ou análogo: 0,10 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e, inexcusablemente, informe da vida laboral actualizado. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

2. Cursos relacionados coas funcións a desenvolver: puntuación máxima 4 punto.

Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

- Duración de 20 a 50 horas, a razón de 0,10 puntos/curso.

- Duración de 50 a 150 horas, a razón de 0,20 puntos/curso.

- Duración de 151 a 300 horas ou mais, a razón de 0,40 puntos/curso.

Procedemento de selección:

Recibida a oferta correspondente, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgarase un prazo improrrogable de dous (2) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da LRXAP.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas e será exposta na páxina web do Concello (www.manon.es), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión (no caso de non existir excluídos a lista provisional pasará a definitiva).

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicaran na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Os membros do tribunal poderán nomear colaboradores do tribunal.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse por sorteo.

6ª.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

As solicitudes para tomar parte no proceso dirixíranse a Sr. alcalde e presentarase na sede electrónica do Concello <https://sede.manon.es/> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de (5) cinco días naturais, contados dende o día seguinte da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mañón (<https://sede.manon.es/>).

As instancias, xunto coa documentación precisa (requisitos e méritos) tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte: correo@manon.es, coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos contidos nela e, de ser necesario, comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

1.- Fotocopia do DNI.

3.- Fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente.

4.- Fotocopia do Celga 4 ou certificado de perfeccionamento (no seu caso).

5.- A relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo.

7ª.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1.- O tribunal cualificador será designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local) en base ao establecido por RD Legislativo 5/2015, Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás praza convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Será posible o nomeamento dun colaborador, de ser preciso.

De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas, publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevaraa á Alcaldía.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á aprobación do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría primeira (1.^a) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A proposta do tribunal cualificador elevarase á Alcaldía, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, podendo tamén publicarse na páxina web do concello e na sede electrónica.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días naturais, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
6. Número de conta bancaria cos 20 díxitos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

A formalización do contrato laboral co aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde; o/a aspirante deberá incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requirido/a.

9ª.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

O Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para o posterior nomeamento como persoal laboral temporal e, así mesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeadas persoal cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade.

10ª.- BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO DAS/OS ASPIRANTES.

Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que poidan resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a renuncias ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade. A bolsa será ordeada segundo a puntuación obtida.



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación e os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

A bolsa de traballo terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

11ª.– INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos/as interesados/as recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, ou a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Dilixencia: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 22 de xuño de 2022.

A SECRETARIA



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____,
con DNI _____ domicilio en _____
_____, n.º _____, portal _____ piso _____,
C.P. _____, localidade _____ concello _____,
teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Mañón para a SELECCIÓN DE UN/UNHA (1) PSICÓLOGO/A. Deputación de A Coruña- Programa financiamento servizos sociais comunitarios municipais ano 2022.

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no proceso para provisión temporal de UN/UNHA (1) PSICÓLOGO/A. Deputación de A Coruña- Programa financiamento servizos sociais comunitarios municipais ano 2022, achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Fotocopia Títulos esixidos para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Fotocopia Certificado Celga 4 ou certificado de perfeccionamento
- Relación ORDEADA E FOLIADA dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.

Mañón, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

www.manon.es

ANEXO II

D./D.^a _____,

con DNI _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Mañón, ____ de _____ de 2022.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE MAÑÓN